

Criterios de corrección para o segundo exercicio

O tribunal cualificador do proceso selectivo, convocado por resolución 1 de decembro de 2021, para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico/a superior de tecnoloxías da información e das comunicacións, grupo I, pola quenda de acceso libre adoptou os seguintes acordos:

1. **PUBLICAR os criterios de corrección do segundo exercicio**, convocado para o día 17 de febreiro de 2024 ás 10.00 horas na Aula 9 da Facultade de Dereito (Facultade de Dereito, planta baixa. Campus Vida. Santiago de Compostela), que serán os seguintes:
 - ✓ O segundo exercicio, obrigatorio e eliminatorio, consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cento vinte (120) preguntas tipo test, máis cinco (5) de reserva, con tres respostas alternativas, das cales só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes ao bloque de coñecementos específicos que figura no programa.
 - ✓ O tempo para a realización deste exercicio será de 125 minutos.
 - ✓ Este exercicio cualificarase de 0 a 25 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo do 60 % do total das respostas correctas, o que supón unha valoración de 15 puntos.
 - ✓ As respostas incorrectas non puntuarán negativamente.
 - ✓ Recorrerase ás preguntas de reserva, pola orde na que figuren no cuestionario, só se é preciso anular algunha das 120 preguntas formuladas inicialmente. As preguntas de reserva servirán, en caso necesario, para substituír calquera das preguntas anuladas, con independencia de que a pregunta de reserva corresponda a un bloque distinto da pregunta anulada.
 - ✓ Ao finalizar o exercicio entregárase aos aspirantes unha copia do patrón de corrección coas respostas correctas.
 - ✓ As persoas aspirantes disporán de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte á realización do exercicio, para presentaren reclamacións ás preguntas formuladas polo tribunal.
2. **APROBAR as instrucións de desenvolvemento do segundo exercicio:**
 - ✓ As persoas aspirantes deberán vir provistas dun documento oficial en vigor para acreditar a súa identidade (DNI, pasaporte ou permiso de conducir), así como lapis do número 2 e goma de borrar.
 - ✓ Non está permitido copiar, falar ou facer uso de teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxs intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico, que deberán apagarse e gardarse antes de iniciarse o exercicio.

Santiago de Compostela, data de sinatura electrónica

O Presidente do Tribunal

José Manuel Velo García

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JOSE MANUEL VELO GARCIA, NIF ***7178**, 23/01/2024 14:56:13.

CSV: E828-6A9E-4CC6-83D4